

Tema 10.- Patrimonio natural e cultural. Recursos turísticos do Concello de Burela.  
Burela, 4 de marzo de 2021.- O ALCALDE , Alfredo Llano García.

R. 0578

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **NOVA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRES AXENTES DE POLICIA LOCAL (OEP 2020).**

En Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo do 2021 acordouse declarar deserto o proceso selectivo de tres axentes de policía local, escala básica, grupo C1 (OEP 2020) e convocar novo proceso de selección para ditas prazas.

Dita nova convocatoria do proceso selectivo rexerese polas bases da convocatoria anterior, aprobadas en XGL de data 31 de agosto de 2020, as cales foron modificadas, no senso de incluír outra praza máis na convocatoria por acordo de XGL de data 21/09/2020, que se atopan publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 242 do 22 de outubro de 2020.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura nas bases penduradas na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es))e na sede electrónica <https://sede.monfortedelemos.es/>.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Monforte de Lemos, 10 de marzo de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0631

---

## NAVIA DE SUARNA

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de marzo de 2021, o **Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2021**, a **plantilla de persoal** e a **relación de postos de traballo** para dito exercicio, en cumprimento do disposto no **art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo**, polo que se aproba o *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes*, exponse ó público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles -que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Navia de Suarna, 10 de marzo de 2021.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0632

---

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA FOMENTAR A ADOPCION DE ANIMAIS DE COMPAÑIA ABANDONADOS**

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Aínda que cada vez a sociedade ten unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dos animais de compañía, o seu abandono segue a ser uns dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que enfrontar os Concellos galegos.

Aos problemas ambientais xerados como consecuencia da conducta absolutamente irresponsable daqueles que abandonan os animais de compañía, engádense a enorme e insostible repercusión financeira que tal conducta implica para as facendas locais.